

Os documentos medievais, especialmente os de carácter privado, os chamados documentos notariais, amosan sobre as cartas forais algunhas vantaxes que consisten, principalmente, no feito de que se tratan de documentos datados, localizados e que, ademais diso, fornecen algúns datos sobre os respectivos notarios. Se é certo que cada documento non deixa transparentar necesariamente a lingua falada dun lugar determinado (o lugar onde o documento é localizado), a análise dun número importante de documentos da mesma natureza permite, en moitos casos, chegar a configurar, delimitar grandes rexións relativamente ben definidas. As repeticións dos mesmos trazos lingüísticos en varios documentos escritos por diferentes notarios non pode deixar de ser significativo.

En relación cos textos do s. XIII, convén ter presente que nesa época estíbese no inicio da fixación gráfica en galego-portugués, dado que ata entón os textos se escribían habitualmente en latín. Para esta lingua, falada desde hai moito, ensaiaban entón os copistas unha fixación por escrito, pero contando tan só coas letras do alfabeto latino. De aí resultou que os sons da nova lingua, en moitos casos xa diferentes dos da lingua latina de onde proceden, continuaron durante algún tempo a ser representados sensiblemente do mesmo modo ou de modo aproximado. Así xurden numerosas incongruencias e vacilacións ortográficas en textos escritos polo mesmo copista e, ás veces, no interior do mesmo texto.

Convén ter tamén presente que a lingua escrita de documentos notariais só de certo modo e en certo grao reflicten a lingua do copista e o falar local ou rexional, pois en moitos casos aquel obedecía a tradicións gráficas que se atopaban por riba da realidade fonética local e, por veces, mesmo rexional¹. A situación periférica desta provincia fixo que, por un lado, aí perdurasen hábitos lingüísticos prerromanos e, por outro, que o latín resistise as innovacións, presentando unha fase nidiamente conservadora. Pode afirmarse que o espazo lingüístico onde virá a constituírse o galego e o portugués esbózase no occidente hispano xa en época romana. A autonomía idiomática e cultural desta rexión do Noroeste da península acentúase co dominio suevo: Galicia foi mesmo o núcleo do reino suevo.

Como aconteceu con todas as outras linguas románicas, o romance do extremo occidental da Península Ibérica que, lenta e progresivamente, se ía distanciando do latín, foi apenas inicialmente lingua falada: como lingua

¹ Cada documento non literario nunca é unha imaxe fiel, nunca reproduce claramente a linguaxe falada do notario ou escriba nen a linguaxe da rexión, unha vez que aqueles obedecían a convencións gráficas que nesa época estaban en vigor no **scriptorium** onde exercían as súas funcións.

escrita continuou a usarse o latín durante séculos. Polo tanto, a partir de fins do século XII e dos primeiros anos do século XIII a evolución lingüística tiña distanciando tan profundamente do latín a lingua falada que os documentos públicos xa non eran comprendidos polo pobo, que os oía ler aos escribas que fixaban por escrito, dándolles forma xurídica: foros, doazóns, testamentos, actas de compra-venda, partillas, etc. Tal situación acabaría por esixir o uso da lingua vulgar neste tipo de textos, xurdindo xa a partir de entón os primeiros documentos relativos ao dominio galego-portugués.

Os máis antigos documentos publicados en Galicia son textos notariais de carácter privado que non remontan máis alá de 1250². En época lixeiramente anterior xurden documentos que alternan partes escritas en latín e partes escritas en galego-portugués. A situación de Galicia no século XIV, profundamente afectada pola crise económica, social e política como consecuencia da cuestión dinástica entre Pedro I (1350-1369) e Henrique II (1369-1379), favorece o establecemento na rexión dunha nova aristocracia, en grande parte non galega, allea á realidade cultural e lingüística de Galicia, o que, evidentemente, contribuíu á introducción do castelán e á perda da conciencia do carácter diferencial da lingua local. É, sobre todo, durante o reinado dos Reis Católicos (1474-1516), que establecen unha monarquía autoritaria e estenden a súa xurisdición sobre todos os reinos peninsulares agás Portugal, cando Galicia sufrirá unha serie de presións que baixo o punto de vista lingüístico revístense do máis alto significado.

Unha rexión que se destaca con bastante individualidade é a que corresponde, *grosso modo*, á actual provincia de Pontevedra: maniféstanse algúns tratamentos peculiares non rexistrados noutras áreas galegas ou a ausencia de certas formas reveladoras dunha evolución “galega” distinta da “portuguesa”. Son tamén máis profundas as afinidades coa linguaxe dos documentos de Portugal. No interior desta mesma área parecen subliñarse aínda algunhas subrexións máis individualizadas. Unha das áreas é a que se corresponde coa metade meridional da provincia de Pontevedra cara o Sul (cf. a forma do pronome demostrativo *isto* fronte a *esto*).

Como mostra do anteriormente exposto, pode servírnos a seguinte escolma de textos cunha relación moi directa co Morrazo en xeral (sobre todo os actuais concellos de Cangas e Bueu) e coas parroquias de Aldán³ e do Hio en particular:

² Para documentos algo anteriores contamos, entre outros, coa Carta Foral de Castro Caldelas de 1228. Cf. *Historia de Galicia*, AA. VV., Vigo 1996, páx. 96 e ss.

³ Desde o punto de vista etimolóxico, relaciónase **Aldán** con **Aldo/Alda**, dos que probablemente deriva: procede do longobardo **ald** “adulto, crecido, vello”; tamén se pon en relación co alemán **alt** e co inglés

1298. Pontevedra.⁴

O abade e o mosteiro de San Xoán de Poio aforan a Xoán Martíns, coengo de Tui, o casal en que moraran seus pais, todos os bens que posúen na igrexa de Bueu, a casa de Toanzo e o casal de Gandón.

(...) por partir entre vos e vossos irmâos, conuê a saber, Orraca Martinz e fillos de Maria Martinz de de Sancha Martinz e R(.) Martinz, ca Esteuóón Martinz e Ynes Martinz son ia apartados î outros logares e o senorio e derecto do **Couto de Bueu** que uso Johan Martinz ia dito auyades por parte de uosso padre e de uossa madre que a nos destes tâ ben en igreia(rio) como î leigario e aquelle **casal que dizê Gáándô** que est enna **filigresia de San Cibrão**⁵ d'Aldáá, os quaes herdam(en)tos, **uozes** e derecturas nos auemos, que uso a nos destes e áo **moesteyro de San Johane** doastes por uossa alma... os quaes herdamentos son enna **filigresia e couto de San Martin de Bueu e de San Cibrão d'Aldáán**, os quaes deuedes téer e possuir e defruytar en toda uossa uida e dardes a nos e áo dito moesteyro de San Johane de Poyo por conocença e por renda cada ano...

Que forum presêtes: Pedro Nunez, de Portella, caualleyro;... Gonçaluo Paez de Coyro, clerigo; Nuno Ares, da Berilla; Pedro Gomez, clerigo; Johan Domígez; Nuno Nunez, clerigo can(...) de San Johane...

Na Galicia altomedieval (711-1037) atopámonos cunhas realidades relativas á explotación do espacio rural que van manterse practicamente en Galicia ata os nosos días. Entre estas está o **casal**, que foi a célula básica da explotación do solo. Composto pola casa e o espacio hortícola do arredor,

old. Parece manter algunha relación co latín *alere* “alimentar”, con *alumnus* “alimentado” e con *alma* “nodriza”. Se o xenitivo de *Alda* é *Aldanis*, desta palabra viría o topónimo **Aldán**. Este topónimo foi primeiro título nobiliario (Señores de **Aldán/Aldao** e mesmo **Aldana**, segundo Sarmiento), consecuentemente fíxose apelido (**Aldán/Aldao**). Cf. *Diccionario dos nomes galegos*, AA.VV., Vigo, 1992, s.v.

⁴ Adaptación da transcripción de Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. INC, Coimbra, 1986, páx. 207-209.

⁵ **Cibrán**, do latín *Cyprianus*, nome étnico procedente do adxectivo “de Chipre”. Tamén é relativo a *Cipris* ou *Ciprina*, sobrenome de Venus, que recibía culto nesta illa. É un dos nomes galegos que se mantiveron como apelidos e como topónimos con múltiples variantes. Está atestiguado o seu culto no Norte da Península xa no século IX, segundo documentos dos anos 804, 857, 863. Parece ser que este culto chegou debido a influencia mozárabe. Na Galiza ten 39 iglesias parroquiais e unhas 12 capelas (algunha delas antiga parroquia), téndose noticia de 4 capelas desaparecidas. Cibrán foi meigo antes de se cristianizar e por iso en toda Europa corren fórmulas máxicas recollidas en libros que se atribúen a San Cibrán. É o *Ciprianusbuch* da Europa Central ou o verdadeiro libro de San Ciprián da Galiza, popularmente coñecido como *O Ciprianillo*, auténtico vademecum de todos os feiticeiros e meigas, libro de maxia evidentemente apócrifo. Cf. *Diccionario dos nomes galegos*, s.v.

máis os dereitos sobre os espazos incultos, o casal é, tamén, unha especie de unidade de capitación ou fiscalidade que fixa os homes a un predio⁶.

A **carta de acoutamento ou couto** remítenos ao nome co que se coñecen os espazos nos que un determinado señor exerce o poder delegado polo soberano. Neste proceso de delegación do poder real en mans doutras persoas ou institucións, os grandes beneficiados van ser en Galicia os eclesiásticos. As cartas de couto supoñen, en liñas xerais, o seguinte:

1º. Delimitación dun espazo de amplitude variable, pois pode tratarse ben dunha soa **uilla** ou lugar, ben dunha **freguesía** completa ou ben dunha cidade e o seu territorio circundante.

2º. A inmunidade do espazo acoutado, isto é, que nel non poden entrar os oficiais reais para, por exemplo, administraren xustiza ou cobraren tributos.

3º. O dereito dos señores a exercer as funcións propias do poder público, acaparando as rendas que del se derivan.

Os espazos acoutados e os seus habitantes escapan así ao control directo do Estado, ao que se ligan a través do señor. Noutros documentos similares aos que nos ocupan, fálase duns **serviços** que os habitantes do couto deben ao señor, o que parece indicar que debían estar a disposición do señor e acudir sempre que este os necesitase, se é que esta obriga non era conmutada por un novo pagamento en cartos. Estes **serviços** na maioría dos casos non aparecen regulamentados nen regulados e, polo tanto, o seu peso pode ser maior ou menor segundo as necesidades señoriais.

As malas condicións da primeira metade do século XIV farán que os señores endurezan a súa postura fronte ao campesiñado, que se ve forzado a aceptar unhas condicións máis duras. E. Portela apunta que na rexión da diocese de Tui comezan a desaparecer os foros perpetuos para seren establecidos a un número determinado de **voces** (cf. o texto), que asegura aos señores a recuperación da terra para establecer novos contratos en función da coxuntura⁷.

⁶ Andrade Cernadas, J.M. e Pérez Rodríguez, Fco. J., *Historia de Galicia. Galicia Medieval*. Tomo III. A Coruña, 1995, páx. 28.

⁷ Andrade Cernadas, J.M. – Pérez Rodríguez, Fco. J., *op. cit.*, páx. 232.

1299. Pontevedra.⁸

Xoán Martíns, coengo de Tui, fai testamento dos seus bens.

(Co)noç(u)da (c)ouía seia a todos que eu Johan Martinz, dito Fame, coêgo de Tuy, faço e ordinho meo testamento, doente jazendo, pero cû todo meu siso ... Item mando aynda ao (.....) (J)ohane de Poyo aquelle casal que eu fige en Trasouto assy como está cû suas casas e cû sua vinhas e cû seus pumares e cû seus chantados e cû seus ressios.... e pertêêcer deue assy ad montes como ad fontes e hu quer que uáá voz deste casal sobredito, o qual casal de mî ten **Ffernâ Nunez d'Aldáán**, fillo de (.....) e donna Mayor Perez, sua moller, î sua uida de´anbos e de hû fillo barô se o ouuere de consúú e a sua morte delles que ficasse hu eu mandasse e eu Johan Martinz ia dito (.....)go (.) este meu testamento que fique ao mosteyro de San Johanne de poyo para senpre por mha alma cû todas suas directuras...

Aos protagonistas deste documento voltamos a atopalos uns 30 anos máis tarde, o 19 de setembro de 1329⁹, data na que Dona Maior, viúva de Fernando Núñez de Aldán, doa ao mosteiro de Santa Clara de Pontevedra “*todo aquel casal enteyramente que chaman de Lemeens, que he na filigresia de Santo Andre de Yo, con seu sesego e con suas casas e herdades e chantados e vyñas e voz e dereitura, asi a montes como a fontes, asi como o tiiña e posuia o dito Martim de Coyro e o qual el a min leixou que dese por sua alma...*”.

Na primeira metade do s. XIV a fame e a peste cebáronse nas clases máis desfavorecidas, independentemente das cormarcas: por pequena que fose a incidencia, a xente máis pobre e débil era onde a fame e a peste se asañaban con maior profusión. Das necesidades que pasan os campesiños na primeira metade do XIV son boa mostra as vendas dos seus bens ás institucións eclesiásticas, que se aproveitan así da súa situación ao facerse coas súas terras: por exemplo, Santa Clara de Pontevedra realiza en 1333 - ano da fame - o maior número de compras da súa historia.

Así observamos como, pouco depois, certos mosteiros pontevedreses aforan determinadas propiedades no *Morraço*:

⁸ Clarinda de Azevedo Maia, *op. cit.*, páx. 209-213.

⁹ A noticia deste documento é debida ao prof. Anselmo López Carreira, **Museu de Pontevedra, Sampedro**, 22-7.

1342, xaneiro, 11¹⁰

O mosteiro de Santa Clara de Pontevedra afora vitaliciamente un pardieiro en Liméns.

... damos e outorgamos a uso Pero Fernandes escudeiro, morador en **Morraço**... aquel noso paradineyro¹¹ de casa que esta en **lemeens** no lugar que chaman **Eyra uedra**, a qual foy de Fernando Aras de **Lemeens** e he en friguia de **Sant Andre do Yo**...

1386, novembro, 7¹²

Dous frades de Santo Domingo de Pontevedra aforan a Xoán Rodriguez e María Pérez, veciños de Santa María de Darbo, os casais de San Cibrán de Aldán e de Vilanova.

... damos et outorgamos a foro para senpre a vos Iohan Rodrigues, morador enna freguesia de **Santa Maria de Daravo** et a vosa moller Maria Peres et as vosas voses, o casal de **Sam Cibrao d'Aldaan** (...) et o casal de **Villa Nova** (...) que som enna **freguesia de Daravo**... Tests. que foron presentes Johan Amado de **Bueu**, Johan Rodrigues de **Daravo**, Johan Esteves escripvan, Pero Martines **Daravello** e Rodrigo do **Yo** escudeiro e outros...

Case cen anos máis tarde, a historia de Galicia no século XV está marcada polos contínuos atrancos que supoñen as ambicións señoriais. A tensión que ía en aumento, suscitará unha resposta á medida na Revolución Irmandiña, intento último do pobo de pór fin ao caos imperante. Na disputa en 1465 entre o rei Enrique IV e o pretendente don Afonso, a nobreza galega tomara partido contra o rei. Sen embargo, en 1467 a Irmandade Xeral de Galicia sae a favor do rei e apoia a causa lexitimista. Ao redor desta data establécense as primeiras irmandades nas cidades e en cada comarca, cun grande grao de autonomía. Tres eran os cargos que asumían a responsabilidade en cada zona: os alcaldes, investidos do máximo poder xudicial e executivo; os procuradores, que puñan en práctica os acordos da Irmandade; os cuadrilleiros, grupos armados que portaban a vara como símbolo da súa función¹³.

¹⁰ Cf nota nº. 9. **Museu de Pontevedra**, *Sampedro*, 1-16.

¹¹ *Pardieiro, Pardineiro*: edificio en ruínas, casa pobre e tosca (< lat.**paretinariu*).

¹² Cf. nota nº 9. **Museu de Pontevedra**, *Sampedro*, 21-4.

¹³ *Historia de Galicia*, AA.VV., páx. 117 e ss.

O movemento foi claramente interclasista na súa composición, xa que nela estaban integrados o campesiñado, parte da fidalguía e tamén algúns señores con intereses específicos, así como un importante número de mosteiros. Disolto o dominio señorial en Galicia, van ser as irmandades as que, de feito, detentan o poder. A forma en que exerceron non nos é coñecida máis que de xeito fragmentario, pois non chegou a nós ningún corpo documental directo, senón unicamente noticias discontinuas e escasas. A procura do restablecemento da orde pública, a procura tamén dunha xustiza efectiva, incluso ás veces, recaían en elementos da clase señorial e, por extensión, como no texto que nos ocupa, no clero, aínda que en liñas xerais o señorío monástico, que sufrira os abusos dos señores laicos, ía ser defendido polos irmandiños:

1468, maio, 2. Cangas do Morrazo¹⁴

A irmandade do Morrazo restitúe unha posesión ocupada por un clérigo a un particular.

... Sabean todos que estando enno **porto de cangas** et estando hi presentes (...) de fontefria (...) santa hermandade do dito **porto de cangas** e iohan feixoo, **alcalde** da santa hermandade da **terra de morraço** et en presenza de min andres fernandes, escrivano de noso **sennor el rey** enna sua corte e en todos seus reynos (...) e dos testigos a juso escriptos e enton paresceu hi presente lopo peres (...) martinno de lobeira, **alcalde mayor** da santa hermandade da vila de pontevedra et en nome e como procurador que (...) de **mayor rodrigues daldao** a vella, sua avoa e pedeu e requereu aos ditos alcaldes que por quanto a dita mayor rodrigues avia e lle perteeçia e eran seus disimo a deus o **casal que disen dogeu** con a erdade da pedra que son seus...

Et lopo paresceu ende estevoo (...) clerigo de **santa maria daravo** et diso que el releyxava e releyxou e renunciava e renunciou enno dito lopo peres, en nome da dita mayor rodrigues...

e de todo en como pasou, o dito lopo peres, en nome da dita mayor rodrigues, sua avoa, pedeu a min o dito notario fe e testimonyo para guarda de seu dereito; que foi outorgado enna freguesia de **sant andre de yo**, enno dia e mes sobreditos...

“Co século XV remata tamén toda unha etapa da Historia de Galicia. En realidade trózase a evolución autónoma da nosa sociedade que en adiante moverase ao compás marcado desde fóra, en función dos intereses da aristocracia española, que ten en Castela o centro de decisión”¹⁵.

¹⁴ López Carreira, A., *Os irmandiños*, Vigo 1991, páx. 110-112.

¹⁵ López Carreira, A., *op. cit.*, páx. 68.

Do anteriormente exposto, podemos inferir finalmente que a situación da Península do Morrazo, concretamente o que atingue á parroquia de Aldán, non se afasta da situación xeral que está a sufrir Galicia no período supra mencionado, iso si, con algúns matices, que desde o punto de vista histórico merecen ser subliñados: en primeiro lugar, a súa pertenza á diocese de Tui - cf. os datos dos documentos -, e, en segundo lugar, a súa estreita relación desde o punto de vista lingüístico, coa rexión Entre-Douro-e-Minho, coas importantes puntualizacións que a tal efecto se teñen observado, isto é, o achegamento ao Norte de Portugal e o seu distanciamento dos documentos emanados da zona lucense e ourensá, en certa medida influídos pola rexión astur-leonesa.